

# Un novo paradigma nas Relacións Internacionais? Reflexións arredor do xénero

*Iria Alonso Casares*

## Introdución

---

**D**elacroix na memoria. A liberdade guiando ao pobo. A imaxe dun romántico, o soño dunha feminista ou a realidade invisíbel? As últimas décadas do século XX estiveron caracterizadas pola pugna entre dous paradigmas que afectaron de xeito singular a toda a comunidade científica. O pensamento posmoderno<sup>(1)</sup> erixíase como unha nova linguaxe interpretativa dos fenómenos sociais mentres que un grupo heteroxéneo de analistas fieis<sup>(2)</sup> ao pensamento ilustrado resistían malia ao cuestionamento dos seus modelos explicativos. O estudo das relacións internacionais non quedou illado deste debate no que novos enfoques como a teoría da interdependencia viñan gañando adeptos fronte a perspectivas se cadra clásicas como o idealismo, o realismo ou a teoría da dependencia. No marco desta discusión agroma unha nova categoría de análise: o xénero.

O presente artigo aborda os cambios recentes que se teñen producido no seo da disciplina das Relacións Internacionais atendendo ás mulleres como novas protagonistas da comunidade internacional. A radiografía do mundo, que se derivaba da incorporación do papel das multinacionais e ONGs ás análises, non podía seguir obviando as actuacións e as demandas das mulleres para seren recoñecidas en todos os ámbitos sociais. A estreita relación do pacifismo co feminismo, unha das correntes con maior transcendencia na opinión pública arredor do mundo, evidenciábase a finais dos oitenta coa aparición de grupos de mulleres que operaban en terreo efervescente: Palestina, o Ulster ou Cosova figuran entre os espazos experimentais no que se desenvolveron planos de convivencia entre mulleres pertencentes a pobos enfrontados no conflito<sup>(3)</sup>.

---

(1) O posmodernismo como corrente de pensamento e aposta epistemolóxica defínese pola súa pluralidade de enfoques perante o estudo dos fenómenos sociais. Autores como Lyotard, Haraway ou Mouffe, entre moitísimos outros, xunto coa revista *Marxism Today*, serán os voceiros dun rompedor grupo de analistas sociais que perciben o xurdimento dun novo modelo de relacións sociais. Para un maior coñecemento acerca das características que definen este movemento, véxase MAIZ, R. e LOIS, M.: *Posmodernismo. La libertad de los posmodernos*, en Ideologías y movimientos políticos contemporáneos, Tecnos, Madrid, 2000.

(2) Dentro deste grupo de pensadores podemos salientar a A. Giddens e a A. Callinicos, sendo o libro deste último (*Contra o Post-modernismo*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1995) unha interesante reflexión sobre o contexto político no que xorden as ópticas posmodernas. En palabras do autor “o posmodernismo debe entenderse en grande parte como resposta ao fracaso do grande levantamento de 1968-1976 para satisfacer as esperanzas revolucionaras que prendera”. *Ibid*, p 276.

(3) Para coñecer as experiencias das mulleres desenvolvidas nestes países, véxase: COCKBURN, C.: *The space between us: negotiating gender and national identities in conflict*, Zed Books cop, London, 1998.

Eis o enfoque de xénero, que se constitúe como unha nova aposta metodolóxica e que ao mesmo tempo evidencia a autoorganización cada vez maior que aparece nun escenario internacional tinguido pola viraxe cara a estratexias bélicas. Unha nova orde internacional que se define polo aumento das tensións, pola experimentación –na que se palpa a debilidade de organismos coma a ONU á hora de aplicar políticas– e pola saída á superficie de antigas fracturas sociais<sup>(4)</sup>.

As cuestións sobre as que se centra o artigo derívanse dun debate que se está a desenvolver na sociedade internacional. A academia supera obstáculos, indo da ortodoxia á vangarda. Esta é unha relación viva na que se ve factíbel mudar os contidos da axenda política, aínda que se estea a facer dun xeito excesivamente lento. O achegamento do corpo doutrinal dominante ás primeiras análises, nas que a dimensión xénero se incluía nas dinámicas da comunidade internacional, foi froito dun dobre proceso, lento pero vital, que convertía ás mulleres en verdadeiras protagonistas das políticas e das análises. Comeza o artigo cunha aclaración terminolóxica acerca do concepto de xénero e os debates acontecidos no marco dos Estudos das Mulleres nos últimos vinte anos. De seguido expónse o que considero os dous ámbitos que conforman dúas dimensións básicas do proceso: a primeira incide na importancia dun recoñecemento formal das mulleres, e a segunda, nunha dimensión activa que salienta a capacidade para facer efectivo ese conxunto de dereitos. A capacidade para mudar os centros de poder e decisión, é dicir, a súa influencia na axenda política internacional. Finalmente, identifícanse as conclusións que se derivan dos apartados anteriores e avalíase o éxito do modelo androcéntrico versus os novos modelos sociais.

### **O xénero no estudo das Relacións Internacionais, unha aclaración terminolóxica**

---

A pertinencia dunha reflexión epistemolóxica acerca do xénero no noso campo de estudo derívase da tensión, en aumento, entre os paradigmas teóricos que se reflicte nun taboleiro en competición. Agora ben, o xénero como categoría de análise fai referencia á construción da identidade e ás atribucións sociais en relación ao sexo; é xa que logo unha construción social que afecta tanto ao nivel micro como ao macro. Lonxe de estarmos diante dun fenómeno illado ou de moda, certamente as mulleres e as súas teóricas estiveron no xermolo propio da modernidade<sup>(5)</sup>. Con todo, a introdución da categoría de xénero responde a diferentes estratexias: ora como un elemento

---

(4) Ronald Inglehart reflexiona acerca do cambio cultural, económico e político en 43 sociedades en INGLEHART, R.: *Modernización y posmodernización*, CIS, Madrid, 1998. Porén, a orixe das fracturas sociais non fica claramente explicada. A construción dos estados-nación e a porterior etapa colonial provocou cambios estruturais das sociedades, que a día de hoxe, no marco do proceso globalizador agroman con máis virulencia.

(5) O papel de raíñas como Isabel a Católica ou Victoria de Inglaterra, por citar dous casos de mulleres que defenderon modelos expansivos na conformación do seu territorio, xunto con Margaret Thatcher ou Indira Gandhi, por destacar a dúas mulleres pertencentes a espectros ben diferenciados, foron figuras que romperon coas estruturas patriarcais do momento.

descriptivo, ora como variábel que facilita un maior coñecemento da realidade e que favorece a transformación das dinámicas sociais<sup>(6)</sup>.

Por conseguinte, os Estudos das Mulleres englóbanse nun conxunto de escolas<sup>(7)</sup> que malia estaren enfrontadas dun xeito case visceral, evidencian a día de hoxe un consenso vital que cristalizou, como veremos máis adiante, en proxectos conxuntos e no apoio a avances considerábeis na lexislación internacional. Os Estudos das Mulleres podémolos clasificar a grandes trazos en función dos seus obxectivos. Por unha banda, aqueles que reivindicán a visibilidade das mulleres na sociedade, e noutro lado do abano, aqueles que debuxan novos valores –cooperación, xustiza e solidariedade– fronte aos androcéntricos –competitividade e individualismo–. O que ofrece este último grupo de pensadoras é unha alternativa máis enraizada co pensamento do racionalismo crítico<sup>(8)</sup>. Atopámonos, en consecuencia, diante da posibilidade sumamente atractiva de deseñar un modelo de relacións entre estados, entre actores sociais recoñecidos en función dunha comunidade internacional sostida en novos piares que procuran un modelo xusto, democrático, onde as mulleres exerzan a súa *auctoritas* e a súa cidadanía e onde as mulleres sexan suxeitos activos e pasivos de dereitos. Como salienta C. Sylvester, tres teñen sido os principais enfoques na discusión epistemolóxica feminista nas Relacións Internacionais: en primeiro lugar, o enfoque das que critican e se reapropian das historias e visións predominantes do campo; en segundo, o das que se dedican á revisión da guerra e ás narracións sobre a paz; e, finalmente, o daquelas que reavalían o papel das mulleres no desenvolvemento do sistema internacional e das súas partes<sup>(9)</sup>. Entre as autoras máis relevantes que ofrecen unha visión desde as mulleres e acerca das relacións internacionais cómpre subliñar, entre moitas outras, a Briguit Brock-Utne<sup>(10)</sup>, Cynthia Cockburn<sup>(11)</sup>, Jill Steans<sup>(12)</sup> e Nira Yuval-Davis<sup>(13)</sup>.

Despois dunha década de redifinicións constantes e de apuntamentos epistemolóxicos nos que o posmodernismo semellaba ter gañado a balanza discursiva e interpretativa, a recente situación internacional evidencia a forza do realismo máis

---

(6) Para coñecer o estado da cuestión, véxase: RADL, Philipp: *Cuestiones actuales de sociología del género*, CIS, Madrid, 2001.

(7) Véxase CASTELLS, C.: *Perspectivas feministas en teoría política*, Paidós, Barcelona, 1996.

(8) Un manual de referencia no contexto dos Estudos das Mulleres e a relación co racionalismo crítico é o de RADL, Philipp: *Sociología crítica: Perspectivas actuales*, Editorial Síntesis, Madrid, 1996.

(9) En SYLVESTER, C.: *Feminist Theory and Gender Studies in International Relations*, en *International Studies*, notes 16/ 17, 3/ 1: 32 -38 1991/2.

(10) Esta autora é unha das impulsoras do movemento que aposta por estratexias educativas para solucionar os conflitos no mundo. De interese é a análise da paz negativa non organizada, ao afectar esta abertamente ás mulleres mediante violacións, maltratos, etc. Véxase BROCK-UTNE, B.: *Feminist perspectives on Peace and Peace Education*, Pergamon, New York, 1989.

(11) COCKBURN, Op cit.

(12) Véxase STEANS, J.: *Gender and International Relations*, Polity Presscop, Cambridge, 1998. Impulsora da Educación para a paz e da creación de alianzas estratéxicas entre razas, clases, etc.

(13) A autora ofrece unha visión moi interesante acerca da formación das identidades tendo en conta a dimensión nacional e o xénero. En YUVAL-DAVIS, N.: *Gender and Nation*, Sage, London, 2000.

absoluto que se disputa o espazo cunha considerábel marxe de teóricos, políticos e demais corpo de actores empregados en contrapór ese modelo dominante e evidenciar as dinámicas que operan na sociedade contemporánea. Sen dúbida ningunha, o corpo doutrinal creado polas distintas teóricas feministas ten acadado un xeito sublime, ou mesmo específico, no eido da relación do pacifismo e as teses de desenvolvemento nas que as mulleres son obxecto e suxeito de aplicación de políticas de cooperación, de transición democrática ou de novos modelos participativos nos que as mulleres son as novas líderes e referentes colectivos.

Non quixera deixar de mencionar neste apartado a globalización, por ser un proceso que afecta ás mulleres de todo o mundo. Trátase dun fenómeno con dobre alma, xa que as mulleres son as que máis sofren as consecuencias negativas do proceso por dous motivos: exclusión e feminización da pobreza (non entrarei aquí a analizar os contundentes estudos feitos ao respecto). E son as mulleres as que están a experimentar ou a reinventar modelos de autoorganización a escala local, nacional ou internacional, sendo esta última dimensión a que aquí nos interesa. Ninguén dubida que dentro dos aspectos positivos do fenómeno, o acceso a fontes de información facilita o coñecemento acerca das liñas de investigación, metodoloxías, as reivindicacións e actos de protesta cívica que se están a desenvolver en cada momento en todo o planeta, que axudan a rachar coas perspectivas etnocentristas.

### **Consecuencias do Terceiro debate das Relacións Internacionais: o recoñecemento formal das mulleres na sociedade internacional**

---

Unha primeira aproximación á produción científica<sup>(14)</sup> do corpo doutrinal das Relacións Internacionais revela a tardía incorporación das mulleres como suxeitos/obxectos, como variábel de análise e como dimensión explicativa na aplicación das políticas exteriores dos respectivos países. O recoñecemento dos dereitos das mulleres no plano formal internacional foi unha conquista lenta e aínda non acadada nun número considerábel de países do planeta. Agora ben, o Terceiro debate das Relacións Internacionais<sup>(15)</sup>, que coincide no tempo coa inauguración da I Conferencia Mundial das Mulleres en México, significou un importante revulsivo para as mulleres en todo o planeta, que lograron facer do lema “os dereitos das mulleres son dereitos humanos” un berro seco.

A década dos oitenta significou unha profunda restructuración e a introdución con relativo éxito da cuestión de xénero na lexislación internacional e local, e un

---

(14) O enfoque de xénero aparece recollido como tendencias. Véxase GASPARD, F.: *Les droits de la femme: construction d'un enjeu en relations internationales*, en *La revue internationale et stratégique*, automne 2002, nº 47, pp 46-53.

(15) O Terceiro debate nas Relacións Internacionais expuso o vencello entre o coñecemento e os intereses. Cuestionouse a neutralidade, é dicir, derivou nunha revisión do modelo alcanzando ás bases ontolóxicas e epistemolóxicas. En as “teorías como posturas ideolóxicas” (STEANS, J.: *Op cit*, p 34) a autora introduce a necesidade de incluír ás mulleres como obxecto/suxeitos das análises.

profundo debate acerca das estratexias e mecanismos que se debían empregar para enfocar o tema da igualdade e da equidade. É importante salientar como a conquista do escenario e da axenda política foi o resultado dunha relación dialéctica entre os grupos de mulleres que querían ter unha maior visibilidade e presenza no ámbito público, e sobre todo no espazo internacional, que se enfrontaron coas dinámicas dos diversos organismos, institucións, etc.

A aparición dun feminismo global caracterizouse nos seus primeiros momentos polos profundos debates<sup>(16)</sup> entre as mulleres do primeiro e do terceiro mundo nos que se fixo evidente a dupla identidade<sup>(17)</sup>. Estes debates culminarán nunha nova vaga de feminismo na década dos noventa no que se unifica o movemento en canto ás estratexias de acción e de presenza institucional, académica e reivindicativa –mais non dun xeito homoxéneo– que tivo a súa trasposición en diferentes ámbitos.

A aparición de terminoloxía nova (discriminación positiva, accións positivas e *mainstreaming*) supuxo unha revolución e un éxito feminista no eido das ciencias sociais. As década dos oitenta e noventa significouse por ser un momento de debate e enfrontamento entre paradigmas na maioría das ramas das ciencias sociais, como se viu con anterioridade. A instauración dunha nova orde internacional que apostaba por unha organización da sociedade estruturada en función dun modelo económico no que a competencia e o mercado libre se conxugase cun modelo democrático minimalista (no que a dimensión representativa era a primordial), xunto coa autoproclamación dos Estados Unidos como defensores do esquema, facían presaxiar ou desexar o xurdimento dun grupo teórico, valente e empeñado en evidenciar as debilidades deste sistema e os seus obxectivos. Os intentos epistemolóxicos semellaban adormecidos entre o grupo dos empiristas máis ortodoxos e o grupo dos críticos positivistas, que tiñan que competir coa forza de Fukuyama e Lyotard. Significaba unha redefinición e un cambio, un antes e despois, no deseño dos modelos e dos instrumentos de análise para os científicos sociais.

Para comprender mellor a significación do enfoque de xénero na análise e interpretación nas relacións entre países, convencións, conferencias, etc, é imprescindible coñecer a traxectoria e a convocatoria de catro conferencias mundiais. Quizais a máis coñecida sexa a Conferencia de Pequín (1995), na que participaron 189 países, que culminaba cos proxectos e traballos das tres conferencias anteriores: México (1975), Copenhague (1980) e Nairobi (1985).

A convocatoria das catro Conferencias Mundiais posibilitou abrir un debate a escala planetaria sobre a igualdade dos xéneros. Ademais, creáronse organismos como In straw e o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM), como aconteceu en México. Aprobouse en 1979 a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller

---

(16) Unha interesante visión das ópticas enfrontadas é a de Nancy Fraser, quen contribúe ao consenso cun innovador concepto: a xustiza bipolar que integra a dimensión do recoñecemento coa redistribución. En FRASER, N.: *Justice Interruptus: critical reflections on the postsocialist condition*, Routledge, New York, 1997.

(17) A antropóloga vasca, Begoña Atxaga, é a primeira en introducir este termo.

(CEDAW), a cal vencella a 165 estados e que establece un Protocolo para que as mulleres vítimas de discriminación por motivos de sexo presentasen denuncias. Avaliáronse programas, sendo Nairobi no ano 1985 o inicio de cambios fundamentais na definición de políticas, ao detectárense salientabeis deficiencias no alcance dos obxectivos fixados para a década que abrangía do ano 1975 ao 1985, coñecida como o Decenio das Mulleres. Óptase, por conseguinte, por unha metodoloxía que lles reflectise unha óptica transversal aos problemas das mulleres, compartidos polas mulleres de todo o mundo. A transformación fundamental derivouse ao trasladar ao centro de atención o concepto de xénero. Toda a estrutura da sociedade e todas as relacións entre os homes e mulleres dentro desa estrutura tiñan que ser reavaliadas. A evolución dos enfoques á hora de solucionar as condicións de miseria, a falla de empoderamento e a consideración das violacións foi o resultado das deliberacións que en moitos casos non foron aprobadas por consenso, como aconteceu en Copenhague no comezo da década dos oitenta.

En consecuencia, as mulleres deixan de ser consideradas unicamente como obxectos de políticas específicas para alcanzaren unhas condicións de desenvolvemento: agora son recoñecidas como suxeitos, con achegas propias en todos os eidos nos que participen. Por citar uns exemplos, a Declaración de París (asinada o 17 de abril de 1999 e que insistía na pertinencia do acceso das mulleres aos postos de decisión), xunto coa Resolución 1.325 da Asemblea Xeral da ONU (na que se procura a presenza das mulleres nas mesas de negociación nos procesos de transición) evidencian un compromiso formal para as mulleres e coas mulleres.

### **Cidadanía, control vertical e axenda política, as mulleres na construción da sociedade internacional**

---

Como vimos con anterioridade, o xénero é agora unha variábel operativa dos comportamentos que vai redefinir todo o corpo unitario de múltiples organismos. As mulleres non van ser só obxecto de dereitos, senón tamén suxeitos de dereitos, é dicir, a incorporación das mulleres no centro do deseño da doutrina de Nacións Unidas persegue a reconquista do espazo público a escala internacional, e é o resultado das reivindicacións dos movementos de mulleres presentes en estruturas clásicas como os partidos ou noutras plataformas.

A loita das mulleres como fenómeno global é unha das características da modernidade. A dimensión local está presente na composición das delegacións, nos ministerios de exteriores, no exercicio da autoridade e do poder. Dáse a combinación do espazo público e o privado, ou o que é o mesmo: o recoñecemento de que “personal é político”, idea defendida por Carole Pateman.

Nun momento no que a opinión pública internacional xira a súa atención cara a países árabes como Afganistán, Irán, Iraq ou Palestina, as mulleres no mundo islámico, coas súas reivindicacións e axendas de acción, son outra das novidades que

chegan a Occidente, en moitos casos sorprendido da celeridade e da prematura introdución dun discurso feminista<sup>(18)</sup>. A líder de Amnistía Internacional<sup>(19)</sup> critica nun artigo de *El País* a visión europeísta ante a polémica Lei do Hiyab en Francia. Un debate vivo e interesante xorde perante o proceso de transición que se avexina incerto, feble e destruturado, nunha transición na que os motivos de índole económica e de control das materias enerxéticas seguen a estar detrás dos supostos modelos de desenvolvemento dignos de exportación para os países mencionados. En Afganistán, a nova constitución recolle dun xeito ambiguo a presenza activa recoñecida das mulleres, e como xa se indicou máis arriba, baixo o meu punto de vista o formal ten que ir acompañado dunha vontade política que interprete e actúe sobre os principios que guían as novas constitucións.

O Decenio das Mulleres e os cambios que deste se derivaron foron consecuencia do exercicio da cidadanía. Por conseguinte, o poder e a política van ser redefinidos coa demostración da existencia de fronteiras entre os espazos públicos e privados. Todo este debate agroma nun momento no que as teses realistas rexorden e no que se fai un transvase de poder a prol de quen exerce neste momento a hexemonía internacional: os Estados Unidos. Porén, como veremos máis adiante un dos grandes cambios que se están a producir na colectividade derivan en grande medida da introdución no discurso social dun novo enfoque que cuestiona o discurso androcéntrico, identificándoo como o exercido polo discurso único.

### **A idea da política en movemento**

---

Sen ningunha dúbida, os movementos de mulleres a escala internacional teñen achegado unha análise profunda aos esquemas sobre os que se asentan os diferentes sistemas nos que operan as mulleres. É dicir, os modelos sociais, a historia, os próceres, as políticas cooperativas e os órganos de decisión. Todos os ámbitos presentes nas relacións internacionais foron reestudados, redefinidos, reconstruídos e en numerosos casos deconstruídos, malia non ser unha liña investigadora moi forte, si ten certo peso pola súa creatividade epistemolóxica.

No entanto, os novos procesos que se avexinan brindan novos campos de experimentación liderados por exemplo por Mulleres de Negro, grupo operativo da década dos oitenta en Palestina e en Irlanda do Norte; ou por activistas que apostan por unha reconstrución, redefinición ou invención da sociedade internacional que se poden atopar en plataformas internacionais como son a Marcha Mundial das Mulle-

---

(18) En Irán a páxina web <http://www.irinnews.org/> ofrece unha retrospectiva do movemento de mulleres neste país. Rawa é outra organización de mulleres histórica en Afganistán que avoga por un modelo de transición no que as mulleres na sociedade civil estean recoñecidas, mais no que o acceso ao mercado laboral sexa unha condición para un desenvolvemento equilibrado da súa identidade como mulleres.

(19) Irene Khan reflexiona sobre a polémica cultural e relixiosa en Francia, no que se manifesta o contraste dos enfoques das mulleres europeas coas do resto do mundo. Véxase KHAN, I.: *La lei contra el velo en Francia viola los derechos humanos*, en *El País*, 14/03/2004.

res<sup>(20)</sup> ou a Coalición Karat<sup>(21)</sup>. Estes grupos aparecen nun momento no que os Foros Sociais cobran vida e reaccionan perante a cada vez máis agresiva apatía social cunha radicalidade case polarizada no globo, que fai lembrar dalgún xeito a década dos setenta, pero desta vez sen Guerra Fría de fondo.

A idea do movemento en política certamente non é nova: exemplos anteriores son a marcha verde en Marrocos, a marcha de Gandhi, as mobilizacións do 68, a Praza de Tiananmen ou a Revolución de Veludo. Nos novos movementos sociais o control vertical érguese como unha dimensión fundamental nas nosas sociedades democráticas contemporáneas. É dicir, a rúa convértese no espazo democrático primixenio. Mais no caso das mulleres é moito máis evidente cando a meirande parte dos discursos feministas se centran na dicotomía entre o público e o privado. A orixe da Marcha Mundial garda unha estreita relación con estas visións. Foi en Quebec, en xuño de 1985, onde un grupo de mulleres baixo a reivindicación de “pan e rosas” andou durante dez días para seren coñecidas por todo Canadá. No ano 1998 inaugurábase a primeira etapa da Marcha Mundial das Mulleres con representación de mulleres de 65 países. A cifra alcanzaba no ano 2000 a máis de 161 países e de 6.000 grupos de mulleres. Bruxelas, Washington e Nova York foron os escenarios elixidos para marchar. Novamente para este ano 2004, as mulleres europeas foron convocadas en Vigo para abordar numerosos temas, entre os que destaca a Constitución Europea.

### **O feminismo na era da globalización, un novo paradigma?**

---

O xénero, como se viu, é unha nova categoría aplicada ao conxunto da produción científica e de xeito máis claro, ao social. As mulleres están a ser as impulsoras de cambios nas diferentes disciplinas do saber e algunhas delas apostan pola adopción dun novo modelo social baseado en valores non androcéntricos.

A sociedade civil, no reto de alcanzar modelos máis participativos e un modelo de globalización que non exclúa, que non silencie, que non invisibilice e que non nos manipule –feito que ten acontecido en numerosas ocasións– ten a responsabilidade de dilucidar os motivos que están a guiar as reestruturacións dos seus modelos políticos. De aí deriva a importancia da autoorganización; da necesidade dun maior coñecemento e colaboración entre plataformas que avalíe a capacidade para transformar as culturas políticas dos países, que son o xermolo de novas políticas internacionais e nas que se recoñeza o rol das mulleres e as políticas que contribúan a modelos baseados na equidade e na xustiza. A introdución dun enfoque analítico no que se recoñeza ás mulleres no estudo das relacións internacionais é o resultado dunha relación dialéctica entre as demandas das mulleres e as políticas dos organismos internacionais. A

---

(20) Para coñecer o proxecto da Marcha Mundial das Mulleres véxase a páxina web: <http://www.feminismo.org/>.

(21) A Coalición Karat representa ao conxunto de ONGs, mulleres académicas e de procedencia diversa dos países de Europa do Leste. A ampliación da Unión Europea e as consecuencias para as mulleres destes países son as liñas de acción principal do colectivo.

implicación dos diferentes organismos, dos estados, das cidadás e cidadáns será o que brinde o éxito á aplicación das medidas específicas.

A década dos noventa foi identificada por autores como Fukuyama como a morte das ideoloxías. Os teóricos modernos do momento acusábanos de estarlle facendo un favor ás teses realistas de tipo conservador e argumentaban que o que se avenciñaba non era unha nova etapa de relación cos medios, senón unha evolución da anterior na que o avance das tecnoloxías facía do planeta un enorme mercado no que a invisibilidade e a marxinalidade aparecían máis brutalmente naqueles sectores que carecían dos mecanismos oportunos para competir na nova sociedade. As teóricas dos Estudos das Mulleres adoptaron vellas ideas e refundiron as visións retomando a idea do movemento internacional combinado coa cooperación e a solidariedade.

Agora ben, acaso podemos falar dun paradigma<sup>(22)</sup> feminista no estudo das Relacións Internacionais, é dicir, dun enfoque que aborda un conxunto de problemas a analizar e a existencia de teorías para o seu estudo? Dun conxunto de teorías que expliquen e faciliten o entendemento das dinámicas internacionais centradas non só nunha visión estatalista e realista, senón na que se inclúa a perspectiva desde e para as mulleres?

Os cambios experimentados no corpo das Nacións Unidas, no deseño das súas políticas, na creación de corpos específicos como Unifem, Women Watch, etc, pasaron dun complexo Decenio das Mulleres até á vixencia da Declaración do Milenio e á asunción formal da pertinencia da inclusión, da participación. Da acción positiva primixenia e dos debates *naifs*, que non alcanzaban avances substantivos na realidade, á praxe, coa aplicación de políticas e co cambio radical cara a asunción do *mainstreaming*<sup>(23)</sup>.

Certamente, o camiño andado paralelo entre o movemento internacional das mulleres activo e participativo, que sen demasiadas lagoas oferta unha visión non androcéntrica do mundo, reivindica e fai súa unha propia e nova regulación da orde internacional e cuestiona a creación dun discurso dominante no que a dimensión da hexemonía, do control e da autoridade sexan os principios funcionais.

A tensión entre a superestrutura e o control horizontal e vertical da sociedade (exercido nunha imaxinaria democracia internacional) afírmase nun cambio na doutrina que asume as súas debilidades e que modificou as súas dinámicas coa inclusión de modelos paritarios non só formais, senón tamén de natureza real como son a Resolución 1.325 de Nacións Unidas e o debate acerca das cotas no Parlamento Europeo.

A globalización e as súas consecuencias para o nivel de vida das mulleres en todo o mundo evidencia que somos as primeiras e máis directamente afectadas polos cambios do sistema económico, político, etc, e a importancia da consideración das violacións como crimes contra a humanidade. Dotarnos de forza institucional e de

(22) Para unha comprensión dos cambios no marco da produción científica véxase KHUN, T.: *The structure of Scientific Revolutions*, The University of Chicago Press, Chicago, 1996.

(23) O concepto de *gender mainstreaming* fai referencia á introdución como corrente principal da sociedade da perspectiva de xénero, que implica a todos os programas e accións.

organización (como se albisca coa creación da Marcha Mundial das Mulleres) e celebrar de xeito xa imparábel os novos espazos de reunión son a consecuencia da converxencia de perspectivas analíticas e epistemolóxicas enfrontadas que se dan a man desde o recoñecemento internacional e a xustiza internacional, xa ben entradas nunha fase de madurez teleolóxica.

Nesta relación entre protagonistas e colectivos de mulleres, pódese afirmar que mostraron un certo éxito en introducir as súas demandas, en modificar a axenda política e na adopción de decisións políticas e económicas na sociedade no seu conxunto. Este proceso caracterizouse pola súa presenza en varios niveis no eido internacional, como o agrupamento dos colectivos de mulleres con maior capacidade de inxerencia na área local e a presenza dos movementos nas conferencias, nos cumios, etc. A existencia deste novo núcleo interpretativo e dun modelo de análise aplicábel ao noso campo de estudo en función do xénero é xa unha materia presente nas publicacións e nos considerabeis esforzos de axencias internacionais como Women Watch ou UNIFEM, que emiten anualmente informes e recomendacións. No entanto, toda esta produción contrasta coa falla de vontade política internacional manifesta en áreas de xustiza internacional e paz, cuestións de fondo para establecer modelos alternativos a escala internacional.

---

*Iria Alonso Casares é analista do IGADI, doutoranda da USC, con diploma de Estudos Avanzados en Procesos Políticos Contemporáneos, especialista en Estudos Políticos e Xénero, e Politóloga.*